



Bo día,

Achegamos dípticos informativos que a Consellería do Medio Rural vén de publicar sobre as medidas máis importantes que se deben tomar contra o *Drycosmus kuriphilus*, máis coñecido como *Avespa do castiñeiro*.

Para a aclaración de dúbidas ou maior información poden dirixirse ao seu Distrito Forestal, cuxo contacto atopará accedendo ao seguinte enlace:

<http://mediorural.xunta.gal/es/areas/forestal/ordenacion/distritos/>

Tamén nos Servizos Provinciais de Montes nos teléfonos reflectidos no propio díptico.

Saúdos,

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2019



## MEDIDAS CULTURAIS

- ⇒ NON UTILIZAR INSECTICIDAS PARA A SÚA ERRADICACIÓN PORQUE NON ENTRAN NA BUGALLA. E PODERÁN ELIMINAR O *TORYMUS*
- ⇒ NON ELIMINAR NUNCA AS BUGALLAS SECAS, PORQUE É ONDE PERMANECE O *TORYMUS* ATA A SÚA EMERXENCIA NA SEGUINTE PRIMAVERA
- ⇒ RECOMÉNDASE REGAR DURANTE O VERÁN PARA PROLONGAR O PERÍODO DE CRECEMENTO DE GROMOS NOVOS. ASÍ ESTES QUEDAN FÓRA DO PERÍODO DE POSTA DA AVESPA
- ⇒ DURANTE O INVERNO PÓDESE PODAR, PERO NON QUEIMAR OS RESIDUOS, AINDA QUE É MÁIS RECOMENDABLE A PODA NO VERÁN
- ⇒ RECOMÉNDASE ABONAR PARA INCREMENTAR O VIGOR DAS ÁRBORES

QUE NON O ENGANEN, ACTUALMENTE A SOLTA NON PODE REALIZARSE DE MODO PARTICULAR, SÓ ESTÁ AUTORIZADA A ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA.

## CONTACTO E INFORMACIÓN

Para máis información sobre a praga, ou para informar da súa presenza, pode dirixirse a seu **DISTRITO FORESTAL**, accedendo á seguinte páxina web:

<http://mediorural.xunta.gal/es/areas/forestal/ordenacion/distritos/>

Tamén pode recibir información en:

Servizo de Montes	<b>A CORUÑA</b> 881 88 13 21 / 981 18 45 75	<b>OURENSE</b> 988 68 75 80 / 988 38 66 95
	<b>LUGO</b> 982 29 48 76 / 982 29 45 31	<b>PONTEVEDRA</b> 986 80 54 08 / 986 80 54 11

Servizos Agrarios Galegos: 981 54 61 27



Xacobeo 2021



## A LOITA BIOLÓXICA CONTRA A

## AVESPA DO CASTIÑEIRO

*Dryocosmus kuriphilus*



2,5-3 mm




XUNTADE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



2- 2,5 mm





### ESPECIES AFECTADAS POR DRYOCOSMUS

A praga causada por *Dryocosmus kuriphilus* afecta unicamente ao castiñeiro.

### DESCRICIÓN E CICLO BIOLÓXICO DA AVESPA DO CASTIÑEIRO

*Dryocosmus kuriphilus* ten un ciclo de vida anual. A súa forma de reprodución é por partenoxénese, sendo femias todos os individuos.

Deposita os seus ovos dentro das xemas dos castiñeiros, das que un mes despois nacen as larvas, pasando alí o inverno.

Cando brota o castiñeiro ao ano seguinte, o crecemento das larvas fai que se formen as bugallas (inchazón no tecido), e transcorridos uns 40 días (finais de maio-xullo), emerxen os adultos facendo un pequeno orificio de saída. De adultos viven pouco tempo, uns 10 días, e cada insecto pode poñer entre 150-200 ovos.

En Galicia o normal é atopar entre 2-5 larvas por cada bugalla.



Evidencias de danos: bugallas

### DISPERSIÓN

A propagación lévase a cabo mediante o voo do adulto, transporte ou plantación co material infectado.

### SÍNTOMAS

As bugallas son o sintoma máis característico e fácil de observar. Consisten en inchazóns dos tecidos, de cor verde ou vermello. Desenvólvese en ramas novas, nos peciolos das follas ou no nervio central das follas. Despois as bugallas secan e poden permanecer unidas á árbore ata dous anos.

### MÉTODDO DE LOITA

O control baséase na loita biolóxica por medio do seu inimigo natural e específico o *Torymus sinensis*, que pon os seus ovos no interior das bugallas.

A solta do parasitoide (*Torymus*) é o único método eficaz de loita fronte ao *Dryocosmus*.

As larvas do *Torymus* aliméntanse das larvas de *Dryocosmus*, polo que non é recomendable eliminar as bugallas secas das árbores, e na primavera seguinte saen os adultos de *Torymus*.

Existen ademais outros inimigos ocasionais e autóctonos da avespa que tamén atacan as bugallas dos castiñeiros e poden axudar ao control.



Solta de vias de *Torymus sinensis*

Adulto femia de *Torymus sinensis*